



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONSORCIOS

#### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

*Anuncio aprobación inicial orzamento 2015*

##### ANUNCIO

Mediante o presente, ponse en público coñecemento aos efectos que se indicará, que o Pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en sesión extraordinaria realizada o día 25 de novembro de 2014, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2015 cos documentos que o conforman, incluída a Plantilla de Persoal, polo que de conformidade co previsto a estes efectos polo art. 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e demais disposicións de aplicación, o citado expediente queda exposto ao público polo prazo de quince días hábiles (a contar, desde o primeiro, tamén hábil, ao da presente publicación) a fin de que durante o mesmo, poida ser examinado e presentadas as reclamacións polos motivos que a eses efectos cita o art. 170.2 do indicado Texto legal e polos interesados que, así mesmo, deixa establecido o art. 170.1 do devandito Texto refundido.

Así mesmo, faise saber:

1. Que transcorrido dito prazo sen se presentar reclamacións, o Orzamento de 2015 inicialmente aprobado na sesión do 25 de novembro de 2014 coa documentación que o conforma, consideraranse definitivamente aprobados, procedéndose á publicación que cita o art. 169.3 do repetido Texto Refundido en relación co art. 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e co fin da súa entrada en vigor, consonte dispón o apartado 5 do citado art. 169.

2. De presentarse reclamacións, serán resoltas polo Pleno do Consorcio no prazo dun mes, no acordo expreso de aprobación definitiva, procedéndose de seguido e para a entrada en vigor, á publicación que se cita no apartado precedente.

Carballo, 26 de novembro de 2014.-

O presidente,

Asdo.: Luis Menor Pérez

2014/12916